



—COMPROMETIDOS CO
TEU FUTURO E O DE GALICIA—



Mundo SOGAMA



Sogama conmemora o 20 aniversario da inauguración do Complexo Medioambiental de Cerceda

O 20 de xaneiro de 2000 iniciaba a súa actividade o Complexo Medioambiental de Sogama para poñer fin a máis de 300 vertedoiros municipais incontrolados e máis de 3.000 puntos de vertido ilegal. Dúas décadas despois, e tras a súa ampliación, é unha das infraestruturas de tratamento de residuos máis modernas e eficientes do mundo. A empresa pública quixo celebrar unha data tan destacada

cun acto conmemorativo presidido pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, contando coa asistencia da conselleira do Mar, Rosa Quintana, así como dun amplo elenco de representantes municipais e empresariais. Varios días despois, os membros do Consello de Administración tamén renderon a súa particular homenaxe durante unha reunión en Cerceda.

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez
PRESIDENTE DE SOGAMA

"Unha homenaxe a 20 anos de esforzo"

[Ler máis...](#)

Actualidade

Menor produción de residuos e incremento das taxas de reciclaxe da bolsa amarela

Excelente balance 2019 para o programa de educación ambiental

Ecodeseño para unha nova aula medioambiental 100% sostible



[Ler máis...](#)

Multimedia

Actividades de primavera do Caderno Verde

Novo vídeo institucional

Vídeo 20 aniversario de actividade de Sogama



Exposición fotográfica 20 anos de actividade



[Ver máis...](#)

Eventos

Pacto Verde Europeo

Premio "Aulas xeitosas" no IES Alfonso Gómez de Sarria

[Máis eventos...](#)

Curiosidades

Autorreciclaxe de plásticos con catro máquinas de construción propia no IES de Xove

Medran os empregos verdes relacionados con residuos

[Máis curiosidades...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

1. Humus de garavanzos
2. Tortilla de grelos con lagostinos
3. Pastel de galletas e marmelada

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



www.sogama.gal



“Unha homenaxe a 20 anos de esforzo”

O pasado 20 de xaneiro foi un día especial para todos os que conformamos o equipo humano de Sogama e tamén para moitas outras persoas que, directa ou indirectamente, están ou estiveron vinculadas dalgunha maneira a esta Sociedade pública.

O 20 de xaneiro de 2020 conmemorouse o 20 aniversario da inauguración oficial do Complexo Ambiental, o corazón de Sogama. Iniciábase entón o camiño que levaría ao fin dos vertedoiros incontrolados e á posta en valor dos residuos a través da súa transformación en recursos. Sen ser conscientes diso, a economía circular xa era entón un dos principais atributos dun modelo que hoxe dá servizo a 295 concellos e trata de forma óptima os residuos urbanos producidos cada día por máis de 2.242.000 habitantes.

Non foi misión fácil, pero o rigor e o traballo en equipo de todos os profesionais que dedicaron boa parte da súa vida laboral a esta empresa fixo posible que hoxe se subise ao podio europeo dos campións e se sitúe como a máis moderna e eficiente do continente, así como referente para o resto do mundo.

É por iso que quero render a miña particular homenaxe aos que están, pero tamén aos que xa non están, porque, dalgunha maneira, deixaron o seu sinal para que esta infraestrutura, asentada no municipio coruñés de Cereda, e pola que xa pasaron preto de 76.500 visitas, sexa hoxe o espello no que se miran moitos países, ademais doutras comunidades do Estado español.

O Complexo Industrial de Sogama garda hoxe un gran tesouro: o acervo e a experiencia de todos os que contribuíron ao seu bo rendemento, superando os obstáculos e retos impostos polas circunstancias que marcaron cada momento, moitas delas imprevisibles, e que foron resoltas grazas ao extraordinario coñecemento e bagaxe dos seus traballadores.

Dúas décadas de esforzo pensando no hoxe e tamén no mañá. Dúas décadas de esforzo dedicadas ao presente e a un futuro máis sostible para Galicia.

Moitas grazas a todos.

Presidente

Javier Domínguez Lino

Editorial en castelán

Mundo SOGAMA

2000-2020: Dúas décadas de intenso traballo que permitiron colocar a Sogama no cume de Europa

Sogama celebrou o vixésimo aniversario da inauguración do Complexo Medioambiental de Cerceda



Domínguez Lino xunto a Ángeles Vázquez e a Rosa Quintana.

O 20 de xaneiro de 2000 inaugurábase o Complexo Medioambiental de Sogama e iniciaba a súa actividade co principal obxectivo de poñer fin a máis de 300 vertedoiros municipais incontrolados e máis de 3.000 puntos de vertido incontrolado, posicionándose hoxe -tras a súa ampliación- nunha das plantas máis modernas e eficientes do mundo. A empresa pública quixo celebrar unha data tan destacada cun acto conmemorativo presidido pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, contando coa asistencia da conselleira do Mar, Rosa Quintana, así como dun amplo elenco de representantes municipais e empresariais.

Varios días despois, os membros do Consello de Administración tamén renderon a súa particular homenaxe a unha data tan destacada durante unha reunión en Cerceda.

Precisamente, durante o seu discurso, a conselleira de Medio Ambiente destacou o papel que xogou Sogama para evitar o deterioro ambiental de Galicia xa que a súa posta en funcionamento iniciou o camiño para eliminar os miles de vertedoiros

incontrolados espallados pola comunidade na década dos 90. Ata a actualidade, Sogama dou tratamento a máis de 10 millóns de toneladas de lixo, unha cantidade coa que se podería encher ata 50 veces o estadio de fútbol de Riazor.

Os máis de 10 millóns de toneladas de lixo tratadas ata o momento poderían encher ata 50 veces o estadio de fútbol de Riazor



A comitiva oficial realizou unha visita guiada polo Complexo.

[Volver á portada](#)

3



A comitiva oficial tamén visitou a nova planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa.

Outro dato que dá conta da importancia desta infraestrutura é que no ano 2001 eran 71 os concellos que estaban adheridos a Sogama, mentres que agora dá servizo a 295, o que se traduce en xestionar cada día os residuos do 83% da poboación galega (máis de 2.242.000 habitantes).

A conselleira aproveitou a súa visita ao Complexo Medioambiental para avanzar que os concellos de Laracha,

Carballo e Arteixo (A Coruña) están a implantar o quinto contedor (de cor marrón) para a recollida selectiva da fracción orgánica contida no lixo e recordou que se crearán tres novas plantas de compostaxe industrial nas provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra coas que se reforzará o labor doutras instalacións destas características, tanto públicas como privadas, existentes en Galicia.

Pola súa banda, o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, enalzou o labor do Complexo Medioambiental ao permitir que a comunidade galega dera un salto, tanto cuantitativo como cualitativo, na xestión dos residuos urbanos, facéndoa infinitamente máis sostible.

Domínguez Lino aplaudiu tamén a valentía de todos os que crearon e apostaron firmemente por poñer en marcha un modelo de xestión público-privado impulsado pola Xunta de Galicia e o socio privado, hoxe Naturgy, e que demostrou ser no seu sector "o mellor de Galicia, o mellor de España e hoxe o mellor de Europa".



Outro momento da visita guiada ao Complexo Ambiental de Sogama.

Novo vídeo e exposición fotográfica

Durante o acto conmemorativo do 20 aniversario proxectouse o [novo vídeo institucional](#) de Sogama. A comitiva tamén tivo a oportunidade de facer un percorrido pola [exposición fotográfica](#) que repasa os principais fitos da empresa pública, efectuando posteriormente unha visita guiada á nova planta de recuperación de materiais. ●

Actualidade

O Consello de Administración de Sogama sumouse á conmemoración do 20 aniversario

Déronse cita durante unha reunión na sede da empresa pública



Os membros do Consello de Administración de Sogama.

Tras o [acto conmemorativo do 20 aniversario](#), os membros do Consello de Administración de Sogama déronse cita, o 29 de xaneiro, na sede da

empresa pública, en Cerceda, onde renderon a súa particular homenaxe a dúas décadas de actividade dunha infraestrutura que marcou un antes

e un despois na xestión dos residuos urbanos en Galicia.

Tras un percorrido pola exposición fotográfica na que se inmortalizaron os 20 momentos máis importantes da operativa desta instalación, visitaron tamén a nova planta de recuperación de materiais, todo un exemplo de innovación tecnolóxica no sector.

O presidente do Consello de Administración, Javier Domínguez, aproveitou a ocasión para enxalzar o traballo de todos os conselleiros que, ao longo de dúas décadas, contribuíron ao bo labor de Sogama, e agradeceu persoalmente aos presentes a súa firme aposta por facer desta empresa pública un modelo de referencia no mundo. ●

Os concellos adscritos a Sogama reducen a produción de residuos e incrementan as taxas de reciclaxe da bolsa amarela

A previsión é alcanzar o vertido técnico cero neste exercicio

Os datos de Sogama correspondentes a 2019 evidencian que Galicia avanza no bo camiño cara ao cumprimento dos dous grandes obxectivos europeos incluídos tamén no Plan galego de Xestión de Residuos e na Estratexia de Economía Circular: reducir a produción de residuos e incrementar o seu reciclado.

Das 799.454,49 toneladas de bolsa negra (lixo convencional recollido a través dos contedores verdes) recepciónadas nas súas instalacións de Cerceda en 2018, baixouse ás 789.014 toneladas o pasado ano, o que se traduce nun 1,31% menos, marcando unha tendencia á baixa que Xunta e Sogama confían en manter durante os próximos anos a través de incentivos ambientais e económicos, reforzados



Nova planta para a recuperación dos materiais contidos no lixo en masa.

con permanentes campañas de formación e concienciación social.

Neste sentido, a Xunta de Galicia, a través de Sogama, mantén en 2020 a rebaixa do canon, nos mesmos termos de 2019, abrindo incluso a aqueles entes locais que non se acolleran no seu momento á mesma ou ben non desen cumprimento aos requisitos establecidos. O obxectivo do goberno autonómico é que estes se beneficien dunha segunda oportunidade, propiciando que os cidadáns paguen menos pola xestión dos seus residuos e contribúan a protexer o medio ambiente.

Reciclaxe amarelo á alza

Pola súa banda, a recuperación de envases lixeiros viuse incrementada nun 9,71%, cifra que ascende ao 28,06% en relación a 2015. Así mesmo, a empresa conseguiu recuperar, do lixo en masa, máis de 81.000 toneladas de materiais, pretendendo chegar ás 100.000 este mesmo ano.

A ampliación do Complexo Medioambiental de Sogama e a súa firme aposta pola innovación tecnolóxica, fará posible que a compañía tamén alcance este exercicio o vertido técnico cero. ●

[Volver á portada](#)

5

Actualidade

Sogama instruíu, de forma directa e presencial, a preto de 10.000 persoas en 2019

Froito do impulso ao programa de educación ambiental da empresa pública

Entre o conxunto de melloras introducidas por Sogama durante 2019, destaca a intensificación do programa de educación ambiental con distintas accións que lle permitiron instruír, de forma directa e presencial, a preto de 10.000 persoas de distintas idades e perfís educativos e profesionais.

Esta folla de ruta tomou, incluso, un maior impulso no primeiro mes de 2020 xa que a Sociedade formou presencialmente ao redor de 2.000 persoas. Por unha banda, aos 25 centros escolares de primaria adscritos ao programa "Recíclate con Sogama" e pola outra, a distintos colectivos, tanto educativos como empresariais e sociais, que recibiron formación en boas prácticas vinculadas á economía circular.

Figuras claves no programa pedagóxico de Sogama son os educadores da entidade pública, moitos dos cales acumulan unha experiencia profesional de máis de dúas décadas, conseguindo adaptar as mensaxes ao público obxectivo e chegar aos distintos segmentos de poboación, con independencia das súas características.



A alumnado galego é un habitual nas instalacións de Sogama.

As actividades realizadas nos propios concellos, colectivos sociais e centros educativos complementáronse con distintas campañas divulgativas nas que a xestión sostible dos residuos urbanos e a economía circular cobraron protagonismo.

O contacto cos centros educativos tamén foi permanente, tanto a través do programa de visitas ás instalacións como a través de charlas, talleres ou da [plataforma educativa Caderno Verde](#).

Nova parada nas visitas guiadas

O novo ano 2020 trouxo tamén un renovado programa de visitas con dous alicientes de peso: unha nova aula medioambiental, que foi reformada na súa totalidade baixo criterios de sostibilidade, primando os materiais reciclados e reciclables, e un itinerario guiado que contempla a nova planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa e que concentra a atención dos distintos grupos sociais. ●

Nova aula medioambiental reformada baixo criterios de sostibilidade

No deseño e construción só se empregaron materiais reciclados e reciclables

Logo de 20 anos de actividade, e tras ser testemuña do paso de preto de 76.500 persoas, a aula medioambiental de Sogama renovouse en plena sintonía co modelo de economía circular e preparouse para atender ás necesidades dos novos tempos, aspirando a ser máis eficiente na formación dos novos visitantes que están por chegar.

A reforma fíxose baixo criterios de sostibilidade, tanto no propio deseño como na funcionalidade do espazo, utilizando materiais reciclados e reciclables na súa totalidade. Así mesmo, a incorporación das últimas tecnoloxías propiciará que os visitantes reciban unha formación máis eficiente.

100% sostible

As paredes laterais foron fabricadas a partir de labras de madeira aglomerada, o escenario con caucho reciclado e os mobles con refugallos de madeira e fibras. Para os monólitos móbiles do escenario utilizouse cartón ondulado 100% reciclable e, para o chan, elixíronse lousas elaboradas con fibras de vidro e vinilo, tamén reciclables na súa totalidade. Así mesmo, primouse a iluminación de baixo consumo e o aforro enerxético.

Nesta obra de reforma participaron varias empresas galegas, o que evidencia que a nosa comunidade ten un gran potencial en deseño e construción sostible. ●



Imaxe da nova aula medioambiental.

Actualidade

O programa de visitas guiadas colga o cartel de completo ata xuño

Da orde de 70 colectivos sociais, que aglutinan a máis de 2.800 persoas, xa reservaron data

O 21 de xaneiro iniciábase un novo programa de visitas ao Complexo Medioambiental cun apertado calendario no que xa figuran reservas efectuadas por máis de 70 colectivos sociais, colgando o cartel de "completo" ata o próximo mes de xuño. En números redondos, da orde de 2.800 persoas xa reservaron data para visitar o Complexo de Sogama en Cerceda durante os primeiros meses deste ano que acaba de arrincar.

Centros escolares, asociacións, universitarios e delegacións empresariais quixeron formar parte do programa de visitas ao epicentro da actividade industrial da empresa pública para comprobar por si mesmos o percorrido que seguen os residuos



As visitas guiadas empezan na sala de recepción do edificio de oficinas do Complexo.

desde que entran no mesmo ata que saen convertidos en recursos. A novidade deste ano é que os visitantes terán a oportunidade de ver o funcionamento da nova planta de recuperación de materiais contidos no lixo convencional e que opera en liña coa industria 4.0.

Formar e concienciar

Atendendo ás estritas normas de seguridade que rexen nunha

infraestrutura destas características, o percorrido guiado varía en función das idades dos integrantes dos grupos. Non obstante, o protocolo a seguir será similar ao de anos anteriores, dando comezo cunha sesión formativa a cargo de educadores especializados, seguida do itinerario, resolución de dúbidas e coloquio.

A día de hoxe, polo Complexo cercedense pasaron preto de 76.500 persoas. ●

Profesorado dependente da Xunta fórmase en educación ambiental

Medio cento de docentes de infantil e primaria participan nun curso online de Sogama para aplicar os conceptos da economía circular na aula



Desde o pasado 3 de febreiro, e baixo o título "A educación ambiental na economía circular", Sogama imparte, a través do PLATEGA (Plataforma de Teleformación de Galicia) un curso online dirixido a medio cento de profesores de infantil e primaria dependentes da Xunta de Galicia.

O principal obxectivo desta acción formativa, de 30 lectivas, é que os docentes tomen conciencia da importancia que ten a educación ambiental para transitar cara a unha economía circular na que se prime o máximo aproveitamento dos produtos, a redución de residuos e a transformación destes en recursos.

Así mesmo, danse a coñecer as boas prácticas coas que contribuír a este modelo de desenvolvemento desde a loita contra o cambio climático, a conservación da biodiversidade, a xestión racional do lixo e o uso eficiente dos xa escasos e limitados recursos naturais. Igualmente, os docentes adquirirán técnicas, habilidades e estratexias propias do educador ambiental, así como a capacidade de extrapolalas a distintos campos de acción no ámbito académico. ●

Actualidade

Foro de traballo sobre o papel dos xestores de residuos no cumprimento da Axenda 2030

Sogama participou nunha mesa redonda promovida por Aproema

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, participou nunha mesa redonda promovida por APROEMA (Asociación Profesional de Empresas Medioambientais de Galicia) durante a cal se debullou o papel dos xestores de residuos no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030. As entidades fixeron unha posta en común do seu traballo, prestando especial atención ao obxectivo 12 "Produción e Consumo Responsables".

Domínguez Lino repasou os principais fitos de Sogama, destacando a achega á protección do medio ambiente e á mellora da calidade de vida dos cidadáns. "Grazas ao traballo desta empresa pública conseguíronse

eliminar os centos de vertedoiros incontrolados municipais e os milleiros de puntos de vertido ilegal que ameazaban a contorna galega na década dos 90", recordou.

Precursores

A ampliación do Complexo Medioambiental de Cerceda incrementou a capacidade de valorización material dos residuos e posibilitará que a compañía chegue neste 2020 ao vertido técnico cero, 15 anos antes do establecido por Europa. A folla de ruta da compañía dirixirase, tal e como lle encomendou a Xunta, cara á construción e xestión de tres

novas plantas de compostaxe industrial en Galicia que complementarán ás existentes e cuxo fin será potenciar a recuperación da materia orgánica mediante a súa conversión nun compost de alta calidade.

O encontro tamén contou coa intervención da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia, M^a Cruz Ferreira; o xerente da Zona Norte de Ecoembes, Fernando Blázquez; e o vogal de residuos biodegradables e orgánicos da Xunta Directiva de Aproema, David González, ademais da propia presidenta desta Asociación, Maruxa Pérez. ●



A mesa redonda tivo lugar en Santiago de Compostela.



Alumnado comprobando a evolución da elaboración de compost.

Preto de 130 colexios de toda Galicia practican a autocompostaxe coa axuda de Sogama

O único requisito para participar no programa é contar con terreo no que aplicar o compost

Repartidos polas catro provincias, xa son preto de 130 colexios onde a práctica da autocompostaxe é habitual coa axuda de Sogama. A entidade pública subministroulles os composteiros, propiciando desta forma que a transformación da materia orgánica en compost se leve a cabo de forma cómoda e hixiénica.

A fin de pechar o círculo de recuperación dos residuos orgánicos, para participar neste programa os colexios deben contar con terreo no que aplicar o compost resultante (xardín ou horta). A iniciativa concíbese, así mesmo, como unha oportunidade para a formación ambiental, xa que son os propios

escolares e docentes os encargados de vixiar a operativa desde o punto de vista técnico.

Compost online para todos

Ademais da formación teórica e das clases prácticas, Sogama tamén pon a disposición das escolas distintos recursos didácticos para instruír á comunidade educativa na valorización da materia orgánica. Entre eles, o sitio web www.compostaconsogama.gal no que se alberga toda a información sobre a compostaxe doméstica, así como recursos de grande interese para aprofundar coñecementos. É o caso de contidos online, contos infantís, xogos interactivos, etc. ●

Cerca de 1.500 composteiros repartidos en mes e medio

En trece concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra



Técnico de Sogama durante un curso de formación aos veciños.

En apenas mes e medio, entre xaneiro e parte de febreiro pasado, Sogama repartiu preto de 1.500 composteiros entre distintos concellos. Foron Mesía, Carballo, Cedeira, Paderne e Ordes, na provincia da Coruña; Monterroso, Barreiros, Guitiriz e Foz, na de Lugo; e O Rosal, Mos, Marín, A Estrada e Lalín, na provincia de Pontevedra.

Tras a entrega dos composteiros, técnicos de Sogama imparten un curso de formación presencial para que os veciños adscritos a esta iniciativa coñezan os detalles da autocompostaxe e liquiden todas as súas dúbidas. Os recipientes, con capacidade para 400 litros, están fabricados con materiais reciclados e reciclables ao final da súa vida útil.

Coa axuda de Sogama, estes trece concellos pretenden dar novos pasos cara a unha xestión máis sostible dos residuos nun marco de economía circular, dado que os seus beneficios son múltiples. Desde o punto de vista ambiental, porque a materia orgánica representa máis do 40% da composición dunha bolsa de lixo tipo e, ao recuperarse na propia vivenda, evítase o seu depósito nos contedores convencionais, podendo verse reducida a frecuencia de recollida e transporte e, polo tanto, as emisións de CO₂ á atmosfera.

Protección natural contra pragas
Adicionalmente, e ao entregar menos refugallos a Sogama, tamén se ve

minorado o importe da factura que debe pagar á empresa pública, coa particularidade de que os veciños participantes teñen a oportunidade de elaborar o seu propio compost, evitando a compra de fertilizantes artificiais. Este abono natural e de alta calidade achega nutrientes ao solo, coa particularidade de que os protexe fronte a posibles pragas e enfermidades.

A día de hoxe, 336 entidades de toda Galicia, entre concellos, centros educativos e colectivos sociais, atópanse adscritas ao programa de compostaxe doméstica de Sogama, tendo repartido entre as mesmas, e de forma gratuíta, máis de 12.000 composteiros. ●

Multimedia

A plataforma educativa Caderno Verde vístese de primavera

As cores da estación máis rechamante do ano son tamén unha inspiración para "Caderno Verde", a plataforma educativa de Sogama "Caderno Verde" (www.cadernoverde.gal). Categorizadas por materias (Coñecemento do Medio, Inglés, Matemáticas, Lingua Galega e Castelá e Educación Artística) e por niveis educativos (infantil e primaria), mestres e docentes poden atopar nesta web diferentes tipos de actividades para complementar as clases do próximo trimestre.

O denominador común é o medio ambiente, unha área de coñecemento transversal na educación dos máis pequenos, que sempre se presenta dun xeito atractivo que chama a súa atención e se relaciona coa súa actividade diaria. Outro aliciente didáctico son as divertidas personaxes protagonistas dos exercicios e dos ecocontos, "Os amigos de Vilaverde" e a familia extraterrestre dos Trebón. ●



[Actividades de primavera do Caderno Verde](#)



Novo vídeo institucional de Sogama

"Por un futuro sostible" é o título do novo vídeo institucional de Sogama no que a empresa pública quere render unha homenaxe á natureza, "a nosa maior filántropa", pero á que temos que empezar a devolver todo o que nos deu "facéndoa medrar de novo sá e forte".

A través desta peza audiovisual tamén se quere lanzar unha mensaxe sobre a necesidade de respectar o medio, tanto individual como colectivamente, para "coexistir en harmonía". É por iso que Sogama quere deixar constancia da súa cultura empresarial e dos esforzos que está facendo para seguir no camiño da economía circular e transformar os residuos en recursos. ●


[Ver o novo vídeo institucional de Sogama](#)

Multimedia

Dúas décadas de intenso traballo en 3 minutos


No marco do 20 aniversario do Complexo cercedense, Sogama presentou un vídeo feito coa técnica *motion graphics* no que resume os principais fitos do labor desenvolvido nesta infraestrutura, comezando polo primeiro impulso conxunto da Xunta de Galicia e do socio privado, hoxe Naturgy.

O aval de Europa, a través da concesión, a cargo dos Fondos de Cohesión, de máis de 72 millóns de euros; os excelentes resultados da auditoría encargada anos despois pola Comisión Europea, na que se corroboraron os beneficios ambientais, económicos e sociais de Sogama a través da preservación da contorna, a creación de riqueza e emprego (1.000 postos de traballo entre directos e indirectos); ou a contribución ao benestar e calidade de vida da poboación, constituíen os fitos máis relevantes dunha primeira fase que culminou coa ampliación do Complexo industrial abrindo unha nova etapa cara á Sogama circular. ●



[Ver o vídeo do 20 aniversario de actividade de Sogama](#)

Exposición fotográfica 20 aniversario de actividade



Na planta baixa do Complexo Medioambiental de Cerceda instalouse unha exposición conmemorativa do 20 aniversario do Complexo. A través dunha selección de fotos históricas danse a coñecer os 20 principais logros dunha infraestrutura industrial convertida hoxe na máis moderna, innovadora e eficiente de Europa, ademais de punto de referencia para o resto do mundo.

Os nove paneis da exposición tamén se poden ver, e descargar, na páxina web de Sogama a través da seguinte ligazón. ●

[Ver a exposición fotográfica do 20 aniversario](#)

Eventos

Medidas para diseñar electrodomésticos máis eficientes

As plantas constitúen a fonte da meirande parte do aire que respiramos e os alimentos que comemos, pero en moitas ocasións descoñécese como mantelas saudables.

Segundo estimacións da FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, nas súas siglas en inglés), ata un 40% dos cultivos alimentarios a nivel mundial pérdense cada ano debido ás pragas e ás enfermidades que sofren as plantas. Como consecuencia disto, millóns de persoas padecen fame e prexudícase gravemente a agricultura, principal fonte de ingresos das comunidades rurais pobres. Por esta e máis razóns, 2020 foi nomeado o Ano Internacional da Sanidade Vexetal pola Asemblea Xeral da Nacións Unidas.

Ademais dos riscos que supón a degradación ambiental, a FAO pon o foco na prevención das pragas e enfermidades que se rexistran en todo o mundo. ●



AÑO INTERNACIONAL DE LA
SANIDAD VEGETAL

2020

Fonte e imaxe: ONU Medio Ambiente

A Unión Europea presenta o reto do Pacto Verde para 2050



Fonte: Retema. Imaxe: Pixabay

A Unión Europea quere converterse no primeiro bloque climaticamente neutro do mundo de aquí a 2050, un reto que esixe considerables investimentos, tanto da propia UE coma do sector público nacional e do sector privado.

Por iso, o pasado 14 de xaneiro dou conta do Plan de Investimentos do Pacto Verde Europeo, presentado para mobilizar o investimento público e contribuír ao desbloqueo de fondos privados a través dos instrumentos financeiros da UE, o que podería traducirse nun mínimo dun billón de euros de investimentos.

Como complemento doutras iniciativas anunciadas no marco do Pacto Verde, o Plan baséase en tres dimensións: Financiamento, Capacitación e Apoio práctico.

Pola súa banda, o Mecanismo para unha Transición Xusta proporcionará apoio específico para contribuír á mobilización dun mínimo de 100.000 millóns de euros durante o período 2021-2027 nas rexións máis afectadas co fin de mitigar o impacto socioeconómico da transición. ●

Eventos

Concurso de moda sostenible, e viable, convocado pola Comisión Europea

Baixo o lema "Reimaxinar a moda: cambiando pautas para unha moda sostenible", a Comisión Europea convocou a edición 2020 do Concurso Europeo de Innovación Social. Esta iniciativa busca proxectos en fase inicial que cambien as formas de produción, uso e reciclaxe da moda, e fomenten ao mesmo tempo un consumo sostenible.

O concurso estivo aberto ao conxunto dos Estados membros da Unión Europea e países asociados ao programa Horizon 2020. Un xurado será o encargado de seleccionar as tres ideas gañadoras o próximo outono, recibindo cada unha 50.000 euros de premio.

As ideas enviadas deben ter como obxectivo reducir a pegada medioambiental da moda a nivel global, calculada entre 2-10%, e axudar a cambiar hábitos dunha forma sostenible, contribuíndo a desenvolver novos produtos, así como servizos, procesos e modelos de negocio innovadores. Así mesmo, as solucións presentadas ao concurso tamén deben ser aplicables a nivel local, nacional ou europeo. ●



Fonte: Comisión Europea. Imaxe: Pixabay

Colombia, anfitrión do próximo Día Mundial do Medio Ambiente



Fonte: ONU Medio Ambiente. Imaxe: Pixabay

O anuncio realizouse no marco da Conferencia da ONU sobre Cambio Climático (COP25) por parte do goberno de Colombia, o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e o goberno de Alemaña, que apoiará os eventos.

Esta efeméride véñse celebrando cada ano o 5 de xuño e, nesta ocasión, estará dedicada á biodiversidade. Cun millón de especies de plantas e animais en perigo de extinción en todo o mundo, os promotores consideran que 2020 é un momento decisivo para prestar especial atención a esta temática. De feito, Colombia está catalogado como un dos países megadiversos do mundo, onde habita preto do 10% da biodiversidade do planeta. ●

Eventos

Premios ás aulas “máis limpas e xeitosas” no IES Xograr Afonso Gómez

Antes das vacacións de Nadal, o IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo) entregou os premios ás aulas “máis limpas e xeitosas”, que resultaron ser as de 3º de ESO B e 2º de ESO A. O bo facer dos dous grupos (estudantes e titores) foi distinguido cun diploma e con distintos agasallos, algúns deles artigos de merchandising achegados por Sogama, reforzando así a sensibilidade medioambiental da comunidade educativa.

Estes galardóns enmárcanse nun dos programas estrela do centro, “Coidemos a nosa contorna” a través do cal se recoñece o traballo de limpeza e orde do alumnado de ESO.

Ademais da súa contribución ao bo estado do centro, a Dirección móstrase convencida de que estudar nun ambiente limpo e agradable mellora o clima de convivencia e propicia un maior rendemento escolar.

Tal é a implicación medioambiental desta comunidade educativa que, no ano 2019, foi recoñecida co premio “Ecovalidor”, entregado polo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, poñendo así de relevo o compromiso do instituto co desenvolvemento sostible. ●




Cargador único para reducir o lixo electrónico

O Parlamento Europeo instou á Comisión a adoptar medidas legislativas antes do verán (en concreto do mes de xullo) a fin de facer realidade o cargador único para os dispositivos electrónicos portátiles. Actualmente, hai tres tipos.

A pretensión é reducir a cantidade de lixo electrónico e facilitarlle aos consumidores opcións sostibles, xa que o curto ciclo de vida dalgúns dispositivos supón tamén a produción de máis residuos.

Calcúlase que os residuos electrónicos representan ao redor de 50 millóns de toneladas métricas ao ano no mundo, o que supón unha media de 6 quilos por persoa. En 2016, o lixo electrónico alcanzou en Europa os 12,3 millóns de toneladas métricas, equivalentes a 16,6 quilos por habitante. ●



Fonte: Parlamento Europeo. Imaxe: Pixabay

Innovación ambiental dos alumnos do IES Illa de Sarón de Xove para reciclar plásticos



O alumnado do ciclo "Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros" no IES Illa de Sarón de Xove (Lugo) impulsou a autorreciclaxe a través de catro innovadoras máquinas. A operativa inclúe unha máquina trituradora, outra de extrusión, unha terceira de inxección e outra máis de compresión, permitindo así dar forma ao plástico e crear produtos de diferentes tamaños e funcionalidades.

Estas máquinas foron cedidas temporalmente a unha asociación sen ánimo de lucro, "Picos do Sol", co fin de mostrar á cidadanía as súas prestacións, constituíndo unha interesante opción para recuperar o plástico *in situ*.

O vicedirector do centro, e á súa vez profesor do módulo, José Javier Melgar Bellido, dirixe na actualidade esta actividade académica iniciada hai dous anos e enmarcada no proxecto "Precious Plastics", con cobertura mundial. A experiencia xa se compartiu por outros institutos de educación secundaria da comarca de Ferrolterra (Fene, Neda e Narón).


Toda a información en preciousplastic.com. ●

Os españois, comprometidos na loita contra o cambio climático

Os resultados da última enquisa do Banco Europeo de Investimentos (BEI), realizada en colaboración coa empresa de estudos de opinión e consultaría BVA, apuntan a que os cidadáns do noso país están dispostos a facer máis esforzos que o resto dos europeos para axustar o seu estilo de vida a criterios ambientais.

Entre os parámetros avaliados destaca a alimentación, manifestando o 74% a súa intención de comprar produtos locais e de tempada, así como o compromiso, por parte do 95%, de adquirir menos artigos plásticos. O 75% asegura que camiña ou usa a bicicleta nos seus desprazamentos diarios e o 71% móstrase a favor de usar o transporte público en lugar do vehículo particular.

A enquisa sobre o clima do BEI analiza a percepción dos cidadáns sobre o cambio climático na Unión Europea, Estados Unidos e China, prestando especial atención ás medidas que están adoptando (ou que prevén adoptar) para combatelo. ●



Fonte: Retema. Imaxe: Pixabay

A comida é moito máis que o que vemos no prato

Gústanos a comida, pero non a valoramos nin a respectamos. Proba disto é que un terzo dos alimentos que se producen no mundo para o consumo humano acaban desperdiciados. Por iso, a FAO dános as receitas para amar a comida:

1. Reduce o desperdicio de alimentos e aprecia o interior, aínda que sexan feos desde o punto de vista estético.
2. Apoia aos agricultores e compra en mercados locais.
3. Valora o traballo que require producir os alimentos. A agricultura tamén é arte.
4. Adopta unha dieta máis saudable e sostible e entende que os alimentos son enerxía.
5. Aprende de onde proceden os alimentos.
6. Conversa sobre a comida. O respecto polos alimentos saudables e sostibles pódese transmitir de xeración en xeración. ●



Fonte: FAO. Imaxe: Pixabay

A xestión de residuos impulsa o sector do emprego verde



Fonte: INE

A xestión de residuos é o sector ambiental que máis emprego xera en España, con 115.000 postos (36,4%) creados dos 316.200 totais. Cabe destacar tamén que o crecemento anual do emprego en actividades ambientais foi do 4,5%, dous puntos máis que o crecemento do emprego total da economía nese mesmo ano.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), a economía ambiental, definida como o valor das actividades asociadas á protección do medio ambiente e á xestión dos recursos naturais, representou en 2018 o 2,2% do PIB, cinco centésimas máis que no exercicio anterior, cun valor de 26.400 millóns de euros. ●

Accións climáticas para un mundo sostible

Ninguén escapa ao cambio climático. Os seus perversos efectos chegan á economía, ás comunidades e á vida das persoas. Os científicos coinciden en sinalar que os patróns climáticos se están modificando e que urxe pasar á acción conxunta. Indican que estamos ante un reto global que require dun traballo coordinado de toda a comunidade internacional e que aínda estamos a tempo de actuar.

A FAO recomenda aos cidadáns poñer en práctica 8 accións básicas para loitar contra o cambio climático:

1. Non tires comida.
2. Come máis froita e legumes.
3. Aforra enerxía.
4. Xestiona correctamente os residuos (Reduce, Reutiliza e Recicla).
5. Aforra auga.
6. Come diferentes tipos de peixe.
7. Limita o uso de plástico.
8. Fai que a túa cidade sexa máis verde. ●



Fonte: FAO. Imaxe: Pixabay

Recyclia recolle máis de 300.000 quilos de cartuchos de impresión en 2019

Foi no marco da súa pioneira iniciativa Tragatóner/Tragatinta, a primeira en España para garantir a recollida selectiva e posterior reciclaxe destes materiais. Con tal fin, a organización habilitou unha rede conformada por 22.500 contedores, que este mesmo ano prevé ampliar para chegar aos 40.000.

O usuario doméstico dispón dun [buscador web](#) para localizar os contedores instalados en lugares públicos máis próximos á súa localización, denominados ECOpuntos.

No último ano, Recyclia tamén intensificou a súa colaboración con dúas plantas de tratamento do noso país a fin de incrementar a porcentaxe de materiais recuperados para a fabricación de novos produtos.

I+D para novos usos

Actualmente, as técnicas de reciclaxe dispoñibles permiten recuperar de cada cartucho de tónor un 44% de plástico, un 39% de ferro, un 13% de po de tónor e un 4% de aluminio. Recyclia colabora con centros de investigación en diferentes proxectos de I+D a fin de atopar opcións para a reutilización do po de tinta e de tónor. Concretamente, está avaliando o uso do primeiro como tinguidura para pinturas e, o segundo, como compoñente do alcatrán para asfaltado de estradas, ou ben para a súa gasificación. Un quilo deste po pode producir suficiente enerxía para manter acendida unha lámpada LED ao redor de 300 horas. ●



Fonte: FAO. Imaxe: Pixabay

Investigan o uso de plásticos multicapa para alongar a vida útil dos alimentos



Fonte: Aimplas. Imaxe: Pixabay

O Instituto Tecnolóxico do Plástico (AIMPLAS) traballa no ecodeseño de envases multicapa reciclables para alimentos que, a día de hoxe, e dadas as súas características, son difíciles de reciclar. Faino no marco do proxecto NEMURE, e tomando como referencia a Estratexia europea do Plástico, na que se recolle que todos os envases deberán ser reciclables ou reutilizables en 2030.

A principal achega dos envases multicapa é que, grazas á incorporación de distintos materiais á súa estrutura, contan con interesantes propiedades para a conservación dos alimentos e para alongar a súa vida útil. É o caso da barreira ao osíxeno ou á humidade. O resultado son produtos de alto valor engadido para a industria do sector que, se ben evitan o desperdicio alimentario, presentan un reciclado máis complicado pola mestura de materiais.

Trala validación dos resultados do proxecto coas empresas do sector, transferiranse os coñecementos investigados. ●

Cinco consellos para ter uns mares limpos

O programa Mares Limpos de ONU Medio Ambiente, ao que xa se adscribiron moitos países, continúa co seu plan de acción e, no marco deste novo ano que acaba de comezar, comparte cinco boas prácticas a adoptar pola cidadanía para evitar que o lixo, fundamentalmente os plásticos, contaminen mares e ríos.

1. Fai exercicio mentres coidas dos mares e practicar o *plogging* (recoller lixo mentres trotas).
2. Deixa de fumar. As cabichas son os principais residuos recollidos nas costas e cada día cómpranse 18.000 millóns de cigarros no mundo.
3. Consume de forma responsable (compra só o que precisas e sen envoltorios plásticos) e mellora a túa dieta. Opta por unha bolsa reutilizable para a compra!
4. Aforra diñeiro á vez que coidas os océanos. Considera alternativas novidosas que contribuirán a que reduzas a produción de lixo e os teus gastos como os cepillos de dentes de bambú e as barras de xampú.
5. Viaxa de forma sostible. Esfórzate en "non deixar pegada". Por exemplo, leva os teus propios artigos de tocador e a túa botella de auga reutilizable. E, se usas protector solar, asegúrate de que non conteña microplásticos e que sexa seguro para os arrecifes. ●



Fonte: ONU Medio Ambiente. Imaxe: Pixabay

Metais preciosos de teléfonos móbiles convertidos en xoias



Fonte e imaxe: Residuos Profesional

A empresa Back Market e o taller holandés de xoiería Nowa, lanzaron o proxecto G.old, unha colección especial de xoias fabricadas con metais preciosos extraídos de teléfonos móbiles reciclados para regalar en San Valentín.

Na colección inclúese un colgante circular bañado en ouro, así como unha chave e un colgante bañados en prata, todos eles fabricados con materiais sostibles.

O obxectivo desta iniciativa é crear conciencia en torno á problemática que representa a elevada xeración de residuos electrónicos e eléctricos (RAEE) e fomentar o aproveitamento dos materiais valiosos que conteñen. O residuo electrónico crece xa tres veces máis rápido que calquera outro refugallo sólido. Estímase que, por cada millón de teléfonos móbiles, pódense recuperar case 16.000 quilos de cobre, 350 de prata e 35 quilos de ouro. ●

Receitario

Dálle a benvida á primavera!

Respectar a comida significa apreciar a historia que hai detrás dos alimentos e aproveitar as sobras, minorar o desperdicio alimentario. Por iso, desde este pequeno recuncho queremos contribuír a valorar o que comemos. Este menú, co que tamén lle damos a benvida á estación máis colorida e esperada do ano, está sacado do receitario con sobras editado polo Penal de Monterroso "[Sabroso reciclaje](#)". Benvida primavera!

Coma sempre, se preparades algún destes pratos ou outros do receitario, compartide as fotos nas nosas redes sociais [Facebook](#) e [Twitter](#)!

Hummus de garavanzos

Ingredientes reciclados:

- Restos de garavanzos cocidos
- Pan tostado (do día anterior)

Outros ingredientes:

- Manteiga
- Aceite de oliva
- Limón
- Tahini
- 1 dente de allo
- Perexil, coandro
- Pementa negra, comiño, especias ras-El Hanout, sal e auga

Elaboración:

1. Nun bol grande botar os garavanzos cocidos e ir incorporando os demais ingredientes: o dente de allo picado, un bo chorro de aceite de oliva, o zume de medio limón pequeno, perexil e coandro picadiño, unha culler de tahimi disolto en auga, as especias e un chisco de sal.
2. Bater co batedor a media velocidade e ir engadindo auga ata conseguir a textura desexada.
3. Rectificar de sal se fose necesario e servir con pan tostado do día anterior.



Receitario

Tortilla de grelos con lagostinos

Ingredientes reciclados:

- Sobras de grelos cocidos

Outros ingredientes:

- Lagostinos
- Ovos
- Sal, pementa e aceite de oliva

Elaboración:

1. Quitarlle as cabezas aos lagostinos e refogalas nunha tixola con aceite de oliva. Retirar as cabezas e reservar.
2. Pelar os lagostinos e cortalos en anacos pequenos; salpementar e reservar.
3. Picar os grelos e refogar nunha tixola. Engadir os lagostinos e seguir refogando.
4. Bater os ovos, incorporar á verdura e ao marisco e ir callando a tortilla a lume lento.



Pastel de galletas e marmelada

Ingredientes reciclados:

- Pan duro
- Galletas, manteiga, marmelada e leite sobrantes do almorzo

Outros ingredientes:

- Azucre
- Ovo

Elaboración:

Cando son moitas as persoas á mesa, sempre quedan sobras do almorzo. Unha boa forma de aproveitalas é facer un pastel con elas.

1. En primeiro lugar, xuntar o pan e as galletas, que hai que romper e esmiazar.
2. Engadir o leite, o ovo e o azucre, e mesturar ata que resulte unha masa homoxénea.
3. Nunha bandexa untada con manteiga, verter a masa e poñela no forno (previamente quente) ata que se coza.
4. Decorar antes de servir.



[Volver á portada](#)